

LINGUA GALEGA

Texto:

Os medios de comunicación de masas son instrumentos globais que representan, resignifican e afirman perfís humanos. As súas mensaxes (mandatos, normas, reafirmacións do que outros agardan das mulleres) circulan por millóns en todo o mundo, de xeito instantáneo e uniforme.

Nos países occidentais as mulleres están cada vez máis integradas no mundo dos medios de comunicación. A muller representa o 50% das cabezas que elaboran os contidos de programas de radio e televisión. Porén, todo isto non xerou un cambio nas mensaxes dos medios nin influíu no xeito no que se selecciona e xerarquiza a información cotiá.

O Código Deontolóxico da FAPE di que o xornalista debe manter unha especial sensibilidade no paso de informacións ou opinións de contido eventualmente discriminatorio ou susceptible de incitar á violencia ou a prácticas humanas degradantes. Pois ben, abonda con ver os comentarios nas redes sociais de Cristina Pedroche para ver que as pintas que lle poñen en cada Noitevella provocan unha violencia verbal absoluta contra a súa persoa e, por extensión, contra as mulleres.

A Antena3 tanto lle ten que levemos xa dúas asasinadas este novo ano. Permitted que Chicote, no papel de baboso total, lle dixese á presentadora frases como "Vamos a ver qué hay debajo de esta batamanta, enséñanos lo que hay debajo" e "Has sido tú la que nos ha calentado".

O vestido de Pedroche cada Noitevella ensínanos dúas cousas: a primeira que tes que ser muller branca, **guapa** e delgada para triunfar. A segunda que, para iso, debes someterte a un home. Iso si, non importa que Chicote teña uns quilos de máis e faga o papel de bufón-baboso. A el vaille ir **ben** igual. E ademais, todo un machote por dicirle iso á súa compañeira de cámara. E esa é a mensaxe que envían, ano tras ano, os medios de comunicación e que resignifica e afirma o papel da muller como obxecto. E esa perigosa resignificación implica que cun obxecto podes facer o que queiras: violentala verbalmente pola rúa, agarrala pola cintura cando che pete, violala nun portal ou matala.

(Sara Torreiro. *Sermos Galiza*, 2.01.2017)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *medios de comunicación de masas* (l. 1), *uniforme* (l. 4), *integradas* (l. 5), *xerar* (l. 7), *prácticas humanas degradantes* (l. 11) (1 punto).
2. Escriba un título para este texto e faga un resumo (2 puntos).
3. Indique a categoría gramatical das seguintes palabras no último parágrafo do texto (destacadas en letra negra): *cada*, *cousas*, *tes* (l. 1), *guapa*, *para*, *a* (l.2), *si* (l. 3), *ben*, *iso*, *súa* (l. 4) (1 punto).
4. Conxugue o presente e o futuro de indicativo dos seguintes verbos: *dicir*, *estar*, *xerar*, *ter*, *ir* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).